

NEGRO

DE DANIEL ABREU

COPRODUCCIÓN
DO CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO
E A COMPAÑÍA
DANIEL ABREU

NOVIEMBRE 2007 / XUÑO 2008

XUNTA DE GALICIA



NEGRO

DE DANIEL ABREU

**COPRODUCCIÓN DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO
E A COMPAÑÍA DANIEL ABREU**

O Centro Coreográfico Galego [04]

Coprodución [06]

NEGRO [10]

Ficha artística [12]

Negro en xira [13]

Cía. Daniel Abreu [15]

Intérpretes [16]



Centro Coreográfico Galego

O Centro Coreográfico Galego (CCG), nace en 2006 no seo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) da Consellería de Cultura. É un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galiza.

Nestes dous anos de traballo fomos desenvolvendo distintas liñas de actuación dirixidas tanto aos profesionais da danza como ao público, co obxectivo de achegar a danza á cidadanía e de ofrecer aos profesionais todos os recursos necesarios para a creación e a produción de espectáculos. Puxéronse en marcha producións propias, coproducións con compañías independentes, residencias artísticas, programas de formación, accións para públicos e publicacións. Todo co fin de ofrecer apoio á danza en todos os ámbitos nos que actúa, facilitando a relación e o intercambio entre eles.

Satisfeitos co traballo realizado, o Centro Coreográfico Galego busca agora consolidarse como núcleo de diálogo e de interacción cultural. Queremos afianzar estas liñas de actuación dirixidas por unha parte ao público e por outra aos profesionais, porque creemos na importancia de que a arte se achegue ao cidadán, e de que este a entenda e a viva como algo próximo e accesible.



No que atinxe aos profesionais, apoíase a creación, formación e investigación, procurando unha descentralización do traballo e creando pontes entre proxectos e institucións; buscando o encontro entre a danza e outras disciplinas artísticas. Con respecto ao público, promóvense accións de sensibilización cara a danza destinadas tamén a que esta disciplina ocupe un lugar destacado na vida cultural galega.

Ofrecer unha formación integral, tanto aos profesionais (artistas e programadores) coma ao público é outra das liñas básicas do Centro Coreográfico Galego. Ofertando talleres e xornadas que imparten artistas internacionais e persoal do CCG en diversos espazos, en máis de 50 centros escolares e nos lugares onde se representa a peza da produción.

En coprodución coa Compañía Daniel Abreu, *Negro* é a primeira estrea da tempada 2007/2008, durante a que o Centro Coreográfico Galego desenvolverá asemade unha produción propia a cargo de Roberto Oliván con música de Mercedes Peón, (*Kiosco das almas perdidas*) outras dúas coproducións (*Feminine*, de Paulo Ribeiro; e *Tradición*, de Nova Galega de Danza) e oito proxectos do programa “Artistas en Residencia”.







Coprodución

O programa de coproducións do CCG apoia proxectos profesionais de danza de iniciativa privada e independente. As iniciativas seleccionadas para coprodución reciben, xunto a unha dotación económica, un acompañamento do equipo do centro durante o proceso de creación e produción, ademais do deseño dun apoio específico de recursos para o proxecto, segundo as súas necesidades.

No caso de Negro, ademais da achega económica de 20.000 €, a Compañía Daniel Abreu contou coa tutoría artística de Lipi Hernández, unha profesional cunha prolífica traxectoria no mundo da danza. Bailarina, coreógrafa e pedagoga traballou en compañías como Lanónima Imperial e Sol Picó; fundou a compañía de danza Malqueridas e o centro La Caldera de Barcelona, espazo de referencia internacional que desenvolve un importante traballo de apoio á creación.

Esta tutoría artística permitiulle aos integrantes de *Negro* contar cun punto de vista alleo, tan necesario ás veces nun proceso creativo. Lipi Hernández mantivo varios encontros con Daniel Abreu e coa súa compañía, intercambiando con eles opinións e puntos de vista, que enriqueceron e apoiaron o traballo da compañía.

O CCG tamén proporcionou a Daniel Abreu unha residencia técnica no Teatro Ensalle durante a semana previa á estrea da peza, e a reportaxe fotográfica e o vídeo de promoción da montaxe. Tamén apoiou á compañía na preprodución, a realización da estrea e a presentación do traballo tanto dentro como fóra de Galiza.

Abreu, pola súa banda, realiza unha serie de accións formativas co fin de potenciar o intercambio e a relación entre o público e os artistas:

- Unha clase aberta a profesionais da danza na Sala Ensalle de Vigo.
- Un ensaio aberto para Igualarte (asociación que partindo das distintas disciplinas artísticas axuda a nenos con necesidades educativas especiais a superar os seus problemas de relación e integración).
- Dous talleres para profesionais que se levarán a cabo no conservatorios de Lugo e da Coruña.

NEGRO

DE DANIEL ABREU

“Los primeros bailes que vieron mis ojos estaban ligados a los brazos de mi madre, meciendo un cuerpo y acariciando una cabeza; a las manos de mi abuela peinándose el pelo que ocultó durante años bajo un pañuelo negro; a mi padre con las manos entrecruzadas, girando sus pulgares en un continuo remolino; a mi hermano corriendo escaleras arriba y abajo; y a mi buscando algo más en los detalles”

(Eduardo Galeano. “El libro de los abrazos”)

NEGRO

Negro é un traballo coreográfico para catro bailaríns, que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación. *Negro* fala da pel durmida, do canso, dunha paisaxe persoal, de ser honestos.

A coreografía parte de escenas creadas dende a reflexión da acción cotiá e a partir da improvisación, botando man tanto de material de danza non codificado que xorde da observación como do rexistro técnico coreográfico.

Inserido nos marcos de referencia da danza contemporánea e da improvisación, *Negro* articúlase a partir das experiencias dos intérpretes ante a súa memoria e da súa propia calidade de movemento forzada pola dirección do traballo.

En palabras de Abreu, esta peza “non fala do envoltorio da pel, nin do que agocha, senón do que esa pel ve, o que a asusta e transforma, o que a esperta e o que a dorme”.





Ficha artística

Coreografía e dirección

Daniel Abreu

Asistente de dirección

Igor Calonge

Música orixinal

Miguel Gil, Haru Mori e Masahiro Hiramoto

Intérpretes

Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso e Daniel Abreu

Iluminación

Cía. Daniel Abreu

Vestuario

TRASTornados



Negro en Xira

XANEIRO

Día 18 22.00 h. Teatro Ensalle (Vigo). ESTREA

Día 19 22.00 h. Teatro Ensalle (Vigo)

Día 20 21.00 h. Teatro Ensalle (Vigo)

Día 26 20.30 h. Salón Teatro (Santiago de Compostela)

Día 27 18.00 h. Salón Teatro (Santiago de Compostela)

ABRIL

Día 15 Cuarta Pared. Festival Madrid en Danza (Madrid)

Día 16 Cuarta Pared. Festival Madrid en Danza (Madrid)

Día 26 Pazo da Cultura (Carballo)





Cía. Daniel Abreu

Daniel Abreu traballou para compañías como Provisional Danza, Matarile Teatro e Centro Dramático Galego, entre outras. Como creador, realizou case unha vintena de coreografías, presentadas en Alemaña, Portugal e importantes festivais así como na programación de distintos teatros. Realiza a asistencia de dirección a Ana Vallés e Carmen Werner en *Pie izquierdo* e a asistencia de coreografía da ópera *Macbeth*, no Teatro Real. Obtivo o Premio do Xurado do XVIII Certame Coreográfico de Madrid xunto a Mónica García.

Coa súa compañía, foi desenvolvendo os seus propios estilo e linguaxe, que se plasman nas distintas creacións, nas cales as propostas de creación sempre buscan os polos opostos. A procura do detalle no movemento, sen abandonar o contido técnico e académico, así como a fusión coas propostas físicas teatrais e a fotografía.

Neste proxecto, conta de novo coas achegas de tres bailarinas galegas afincadas en Madrid: Andrea Quintana, Janet Novás, Anuska Alonso. Tralo seu paso por importantes escolas, así como a súa ampla experiencia profesional con compañías como Provisional Danza, Arrieritos, Losdedae..., deciden dar cabida a este novo traballo baixo a dirección de Abreu, repetindo experiencias anteriores materializadas en *Ojos de pez*, *En la espalda* e *Los pies descalzos*.

Intérpretes

Andrea Quintana

Nace na Coruña, cidade na que realiza os seus estudos de danza clásica. A súa formación en danza contemporánea complétase na Escola de Carmen Senra, e con cursos e talleres con Rui Horta, Jennifer Muller, Ramón Oller e Michelle Man, entre outros.

Foi galardoada co primeiro premio no Certame de Coreografía de Carmen Senra pola peza 'Come Corazón' creada xunto a Janet Novas. Ademais creou outros traballos que foron presentados en diferentes cidades españolas. Na actualidade traballa na Compañía Arrieritos e con Daniel Abreu. Ademais bailou coreografías de José Reches e Carmen Werner.

Janet Novás

Nace no Porriño (Pontevedra). Realiza estudos con distintos mestres de danza contemporánea en importantes centros de Madrid e Bruxelas. Traballou para a compañía Provisional Danza, como bailarina e realizou a axudantía de dirección de 'Te voy a echar de menos' de Carmen Werner e Vicky Pérez, así mesmo bailou coreografías de Pedro Berdäyes e Jose Reches.

Recibiu en dúas ocasións o primeiro premio de coreografía do Certame de Coreografía Carmen Senra por 'Todo un mundo solo un yo' e 'Come Corazón'. O seu último traballo coreográfico é 'Parpadeo', un só para o Teatro Párraga de Murcia.

Anuska Alonso

Nace en Vigo, onde estuda danza clásica e contemporánea, estudos que amplía máis tarde noutros centros nacionais. Ten traballado para a compañía de danza Losdedae de Chevy Muraday.

Na actualidade traballa como intérprete para Daniel Abreu e realiza os estudos superiores de danza no Conservatorio Superior María de Ávila. Gañou o primeiro premio no Certame Coreográfico de Carmen Senra coa coreografía 'Un minuto de tierra trágame'. Presentou 'Por un lado bien y por otro mejor' na doceava edición do festival En Pé de Pedra.







Centro Coreográfico Galego

Instituto das Artes Escénicas e Musicais

Consellería de Cultura e Deporte

Xunta de Galicia

Complexo Deportivo de Elviña.

Avda. de Glasgow s/n.

15008 - A Coruña

Telefono: 981 134 946

Fax: 981 138 294

www.centrocoreografico.org